



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en ganadería

► OS GRANXEIROS CONTINUÁN A SER, CINCO ANOS DESPOIS, O ELO MÁIS DÉBIL DUNHA CADEA NA QUE AS MARXES DE MELLORA SEGUEN A SER EVIDENTES

O Acordo para a sostibilidade do sector, só a medias

Estes días cúmprense cinco anos da entrada en vigor do Acordo para a sostibilidade do sector lácteo. Un documento que a ministra Tejerina non dubidou que cualificar de histórico e do que se supoñía que sentaría as bases para un funcionamento máis equilibrado e xusto da cadea de valor do leite.

Un lustro despois, moitos daqueles bos propósitos mostrados polas 70 entidades que asinaron o pacto –22 distribuidoras alimentarias, 36 empresas lácteas e catro asociacións de produtores– fóronse esvaendo ao mesmo ritmo que o sector se adaptaba á nova realidade derivada dun mercado europeo sen mecanismos de regulación da produción. Outros aspectos, con todo, si resultaron positivos e, aínda que isto siga sen verse reflectido nos prezos que recibe o gandeiro, si dotaron de maior transparencia unha parte da actividade.

En calquera caso, o que resulta evidente é que aquel acordo (a súa firma produciuse despois de dous meses de intensas mobilizacións en campo, convén non esquecerlo) non serviu para un dos fins principais que o motivaron: empoderar o gandeiro fronte ás posicións de dominio das industrias lácteas e as cadeas de distribución alimentaria. Os granxeiros continúan a ser, cinco anos despois, o elo máis débil dunha cadea na que as marxes de mellora seguen a ser evidentes.

A distribución cumpriu só a medias

Tradicionalmente, as cadeas de distribución alimentaria foron sinaladas (e en ocasións con razón) como as principais culpables dos baixos prezos que recibía o gandeiro. Resultaba evidente que a cadea de formación de prezos se realizaba de arriba cara abaixo e non ao revés, é dicir, fixébase o importe de venda e, dende aí cara á orixe,

íanse repartindo os importes ata chegar ao gandeiro, loxicamente o máis prexudicado nesta particular e inxusta partición. A situación resultaba especialmente gravosa para os produtores cando os prezos das marcas brancas dificilmente alcanzaban os 50 céntimos nos lineais dos supermercados.

Pois ben, o acordo lácteo supuxo o final case definitivo da utilización do leite como produto reclamo nas superficies comerciais, un dos compromisos adquiridos no seu día pola distribución. Outro era o da identificación nos envases de orixe do leite e os derivados lácteos –tamén era un compromiso da industria– co obxecto de mellorar a información que se lle facilitaba ao sector e, de paso, poñerlles coto ás importacións de leite procedente de excedentes de terceiros país a prezos ilegalmente baixos. Houbo que legislar respecto diso e superar as reticencias da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (como en case todo) pero, finalmente, é obrigatorio desde hai case dous anos que todos os envases recollan o país de produción e envasado do leite que conteñen. Cousa ben diferente é a entrada de leite en cisternas, masiva en ocasións, segundo denuncian algunhas organizacións profesionais agrarias, con fatais consecuencias sobre as cotizacións da materia prima autóctona.

Aínda que hai que aplaudir a actitude xeral da distribución á hora de darlles cumprimento ás súas promesas, o certo é que non foron tan dilerxentes á hora de promover de maneira efectiva, tal e como afirmaron por escrito, modalidades de compra de leite líquido que permitan manter o valor do produto nos primeiros chanzos da cadea, en particular establecendo contratos a longo prazo coas industrias provedoras, que faciliten un marco estable de relacións

▶ “OU FIRMAS O QUE CHE POÑO DIANTE OU BUSCA OUTRO COMPRADOR” SEGUE A SER A MÁXIMA QUE MELLOR DEFINE A RELACIÓN CONTRACTUAL QUE MANTEÑEN A MAIORÍA DAS GRANXAS COA INDUSTRIA

entre todos os axentes da cadea, ou, polo menos, ese é o reproche que lles seguen realizando desde o sector industrial para xustificar a escasa evolución dos prezos á alza, mesmo cando a estacionalidade vinculada ao consumo así o aconsellaría.

As industrias seguen ao seu

Os compromisos das industrias no Acordo Lácteo (como non podía ser doutra maneira) foron moitos e variados. Cousa diferente é o que, finalmente, acabaron cumprindo de todo canto se recollía no documento.

Desde logo, a pouco que se revise o sucedido durante os últimos anos, nada convida a pensar que as empresas cumpriron con aquilo de “aplicar nos seus contratos, prezos e volumes de compra que, en concordancia coa evolución do mercado, contribúan á sostibilidade das explotacións”, nin moito menos o de “compartir cos gandeiros a revalorización que as industrias obteñan sobre os prezos de cesión”.

As lácteas seguen indo, como fixeron sempre, ao seu e a promoción dos contratos lácteos como mecanismo para darlle estabilidade ao sector (era outro dos puntos do pacto) fíxose máis por imperativo legal que por convencemento. Boa proba diso é que, a pesar de todas as modificacións que se foron sucedendo no Paquete Lácteo, as industrias continúan tendo a tixola polo mango. Mesmo lograron regatear (en ocasións obrigando o gandeiro a asinar algo que sabe que é falso), a obriga de incluír nos contratos prezos para o leite que cubran os custos mínimos de produción.

“Ou firmas o que che poño diante ou busca outro comprador” segue a ser a máxima que mellor define a relación contractual que manteñen a maioría das granxas coa industria que lles recolle a súa materia prima.

Os gandeiros tampouco fixeron os seus deberes

Máis afeitos a queixarse que a actuar, os gandeiros tamén teñen unha parte importante de culpa en

todo o que lles pasa. O seu principal compromiso no acordo pasaba por promover o asociacionismo –en concreto a través da figura xurídica das organizacións de produtores– e a fusión de cooperativas co fin de gañar músculo. Ao contrario, optaron por baixar os brazos como resignados a que os remedios a unha crise que os ten ao bordo do precipicio teñan que chegar doutro sitio.

Desde logo, nada parece apuntar a que esas solucións, imprescindibles para a sostibilidade do sector, poidan proceder tampouco do Ministerio de Agricultura –cuarto asinante do Acordo e garante do seu cumprimento– tendo en conta o escaso éxito cultivado por todo o que promoveu ata o momento. ■